

Sobre a novela negra

Os detectives son personaxes frecuentes na literatura galega contemporánea. Manuel Forcadela, un dos pioneiros en galego da literatura con intriga e detectives, fai un repaso dun xénero e defende a imaxe que devolve sobre a sociedade galega.

Manuel Forcadela *Texto*

C ómpre termos en conta á hora de falarmos dos xéneros literarios, de calquera xénero literario, o feito demostrado da súa inestabilidade. No caso da novela negra, de detectives, policial, de intriga, etc., a inestabilidade está xa presente, desde o inicio, na súa denominación. Se a isto lle engadimos o apelido 'galega', fica claro que o xénero parte dunha oscilación perceptible a priori: definir, que é unha novela; despois, que é unha novela negra ou policial ou de intriga, e, finalmente, que é unha novela negra galega.

Na medida en que os xéneros literarios son epocais e locais, isto é, dependen da época e do lugar en que son practicados, debemos partir de dúas obviedades: a novela negra galega practícase desde os anos oitenta do século pasado até a actualidade nunha sociedade que durante ese tempo comeza a considerarse a si mesma como democrática e particular, logo da desaparición do franquismo e o advento do Estado das Autonomías, co conseguinte agrelar das políticas cultural e lingüística e a apertura de novos mercados editoriais dependentes na súa maior parte das

ventas vinculadas ao ensino. Sempre co espectro dun lectorado galego de masas co que soña e que, en grande medida, contribúe a crear.

O xénero aparece, pois, como traducido para lectores que, ben a través da súa lectura noutros idiomas, nomeadamente o castelán, ben a través das versións audiovisuais desas mesmas ficcións, conta, de partida, cun dobre reto: adaptar ese modelo traducido aos usos lingüísticos, con orixes ben diversas dobre reto: adaptar ese modelo traducido aos usos lingüísticos do país e adaptar as ficcións suxeridas aos modelos espazo-temporais e de personaxes propios que as tornen verosímiles.

Temos que ter en conta que o xénero ao mesmo tempo que contribúe a crear un novo modelo de lector propón, de partida, un novo tipo de escritor. Trátase, en definitiva, dun novo tipo de práctica textual que poderíamos caracterizar por:

- Literatura asequible, en grande cómplice co lector a partir dunha ollada irónica sobre a realidade.
- De escrita rápida e rendible en termos económicos, ao servizo dos novos intereses editoriais.

- Literatura crítica, de certa denuncia da realidade, entendida sempre como un campo de conflitos e de diferenzas, desde unha posición non cómplice co sistema.

- Emprego da ficción-denuncia. Aquilo que non se pode denunciar desde o xornalismo por falta de probas, denúnciase a partir da ficción.

- Emprego de Galicia como espazo referencial ao servizo da construción dunha tópica propia: corrupción, contrabando, caciquismo, etc.

Temos que ter en conta, tamén, que unha parte fundamental da inestabilidade do xénero provén do que poderíamos denominar inestabilidade do modelo heroico. Encontramos aí unha dúbida non resolta entre cinco modelos heroicos:

- O heroe clásico. Aquel que baixa aos infernos e é quen de regresar.
- O heroe romántico. Aquel que é capaz de alterar os mecanismos que rexen nos acontecementos da Historia.
- O heroe sadiano. Aquel que sinala o mal como a fonte fundamental do pracer.
- O antiheroe kafkiano.

A irrupción tanto cualitativa como cuantitativa do discurso feminista en calquera das súas versións ao longo

das últimas décadas da nosa tradición literaria engade aínda un modelo novo, e quinto, de heroe: aquel que se nos propón como unha quebra do relato androcéntrico herdado e que rexeita a diferenza masculina como universal, concibida sobre a alteridade do feminino como misterioso, impredecible, incoherente, disperso, incontrolable. Un novo modelo de heroe, mellor de heroína, que rexeita a novela negra

tradicional por esquizofrénica na medida en que postula unha lectora-muller vista como unha ameaza para os homes, como se a súa sexualidade fose unha trampa que só se volve inofensiva cando está total e verdadeiramente atrapada.

Temos que entender que unha parte do xénero herdado, tal e como é traducido en Galicia a partir dos anos 80, baséase en contrastar dous modelos morais e de comportamento: por unha banda, o discurso tradicional do amor, a familia, o romanticismo e a lei e, por outra, o discurso subversivo do sexo, a avareza, a violencia e o poder.

Facendo un pouco de historia, a partir do xa exposto aquí, poderíamos sinalar tres fitos significativos na nosa historia literaria recente:

- A publicación en 1984 de *Crime en Compostela* de Carlos Reigosa. Novela fundacional en moitos sentidos institúe o modelo gramsciano de construír unha literatura popular e de mobilización da clase traballadora como



refracción ao mundo descrito, sen deixar en ningún momento de ollar desde a ironía e o dobre sentido personaxes, acontecementos, tempos e espazos.

- A publicación en 1994 de *A man dereita* de Aníbal Malvar, crónica magnífica da Pax Fraguiana e o seu sistema de clientelismo e de corruptelas. Escrita desde o dinamismo decidido dunha literatura que descré do seu papel social senón é para apostar polo realismo desde unha dobre vía: por unha banda, representación do mundo e, por outra, suxestión doutro mundo posible. A denuncia-ficción é o seu modelo. Manexa con mestría o relato dun protagonista masculino, emprego da cidade como un lugar ameazante e perigoso. Unha ollada diferente da mesma Compostela de Reigosa.

- A publicación en 2000 de *Ten o seu punto a fresca rosa* de María Xosé Queizán. Parodia e subversión do xénero, opta por presentarnos os tópicos comunmente manexados desde unha óptica alterada polo discurso de xénero. Mulleres policías, homes que

substitúen as *femmes fatales*, corruptelas ligadas á reprodución humana e reflexión sobre os mecanismos do discurso e do relato que contribúen a formarnos como homes e mulleres, segundo o modelo da sociedade patriarcal.

A xulgar pola numerosa descendencia destas obras e destes autores cabe concluír que o xénero foi o punto de iniciación para unha maioría da poboación, tanto lectora

como escritora, á literatura en lingua galega. O mundo descrito como lugar do conflito, da loita entre contrarios, e a necesidade da elaboración dun contradiscurso que dea conta das trampas do relato do poder. A alienación, a inseguridade e a desposesión son, sen lugar a dúbidas, características do mundo reflectido na novela negra galega e podémolas relacionar coa crise actual da sociedade capitalista.

Mais esta inestabilidade do xénero que mencionamos abre o camiño para que tanto os autores e as autoras como os lectores e lectoras indaguen por outras vías que lle son limítrofes: a crónica social, a novela de apropiación histórica, a novela de aventuras...

Cremos, pois, que non en foi en van este percorrido que xa dura máis de trinta anos. Un percorrido que nos devolve unha imaxe escrita da sociedade galega deste tempo como nunca antes existira. E que nos mostra igualmente o talento e a intelixencia que a produción escrita na lingua do país atesoura.


Centenario das Irmandades

CONMEMORACIÓN A autora encontra un paralelismo con cen anos polo medio entre o momento da fundación das Irmandades e a actualidade.

Camiño Noia Texto

A celebración do centenario das Irmandades da Fala pode ser unha boa ocasión para ler as páxinas que lle dedica Xusto Beramendi no seu documentado libro *De provincia a nación* e coñecer a azarosa historia do nacionalismo galego, na que aínda continuamos. Na miña lectura foron moitas as semellanzas atopadas entre o sucedido nas filas das IF nos primeiros anos do século XX e o que estamos a vivir no XXI.

A creación das IF nace como deriva do rexionalismo de Solidaridad Gallega e da Acción Gallega agrarista e o bo facer de Antón Vilar Ponte para ampliar os ámbitos de uso do galego, chegando a aqueles dos que estaba ausente: as familias da burguesía acomodada, a prensa, a escola e a vida pública, en xeral. O seu obxectivo inicial era comprometer á militancia na práctica cotiá da lingua galega “dentro e fóra do fogar, adeprendéndolles esa lingua ós fillos”. En efecto, tal como di Beramendi: “As reivindicacións lingüístico-culturais van unidas desde o primeiro momento ás políticas” no ideario dos nacionalistas das IF. Nun dos primeiros artigos do ano 1916, Vilar Ponte fala de defender o idioma galego con estas palabras: “Ser amigo da Fala supón esprito de sacrificio, e todo apostolado é sacrificio /.../ Os Amigos da Fala constituímos, pois, unha relixión d’homens honrados /.../ seremos os gardadores do lume da patria galega”, entendendo a militancia nacionalista como unha misión apostólica baseada no rescate da lingua, alicerce da patria. E esa é a idea central do folleto “Nacionalismo galle-



O obxectivo inicial das Irmandades da Fala era comprometer á militancia na práctica cotiá da lingua galega “dentro e fóra do fogar, adeprendéndolle esa lingua ós fillos”

go. Nuestra afirmación regional”, publicado en marzo dese mesmo ano. Despois de loar a nobre orixe e o antigo esplendor da lingua galega, fai un chamamento a defendela e usala, porque é a base da “patria natural”. Para el, a reivindicación lingüística é un paso previo ó rexurdir económico, social e político de Galicia.

Mais esa non era a idea coa que se afiliaron nas primeiras “Hirmandades” xentes de ideoloxía escasamente galeguista, desde monárquicos a republicanos, pasando por católicos tradicionalistas, defensoras dun rexionalismo moderado. A mestura nas IF de “rexionalistas de ocasión”, como dicía Vilar Ponte, con nacionalistas produciu unha

convivencia axitada, con duros enfrontamentos verbais e baixas de afiliados. Con todo, malia ás loitas internas, nos dous primeiros anos de existencia das IF fixéronse unha chea de actividades de carácter cultural (conferencias, mitíns, rehabilitación de coros e bandas de música, teatro en galego...) e, sobre todo, o galego

tivo presenza na prensa comercial, ó tempo que se creaban revistas de curta vida, se xestionaba *A Nosa Terra* e Losada Diéguez dirixe a terceira etapa d’ *O Tío Marcos d’a Portela*. Ramón Villar Ponte celebraba o segundo aniversario das IF co artigo “¡Adiante!”, no que recordaba as moitas actividades que levaban feito, sinalando que nos dous anos se falara “máis en galego culto que denantes nun século”.

A partir de 1918, os nacionalistas foron gañando adeptos. Foi esencial a afiliación ás IF do grupo ourensán e algún rexionalista, como Losada Diéguez, acabou asumindo que Galicia é unha nación do Estado Español. Idea que Risco vai argumentar, na “Teoría do nazionalismo galego”, primeiro nun artigo xa en 1918, e logo no folleto que o converterá no ideólogo do nacionalismo.

O manifesto aprobado na Asemblea Nazionalista de Lugo o dezaioito de novembro de 1918 dirixido “ao Pobo Galego” é xa un programa político, no que a lingua só aparece na demanda que se fai de cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

Con todo, aínda estando todos a prol da defensa e promoción do galego e das constantes chamadas de

Villar Ponte para que os afiliados utilizasen o galego como lingua vehicular, foron moi poucos os asinantes do manifesto de Lugo que utilizaron o galego na comunicación familiar. Non daban visto a importancia de usar e cultivar unha lingua sen normalizar, utilizada por analfabetos, e crían de boa fe que o galego podía ser un atranco para a culturización do pobo. O propio Losada, que afirmaba que “a lingua era o problema diferenciador da rexión”, vendo as carencias culturais dos galego falantes, pregúntase se: “Debemos facer revivire a nosa lingua ou debemos axudar a matala? Porque se ela fose un impedimento pra o noso progreso, ou unha fonte de incultura, o noso deber era loitar pra que se acabase e se impuxese de todo o castelán”.

A defensa da lingua galega promovida polas IF acadará a súa ilustración coa revista *Nós* en 1920. Os fundadores, seguindo o ronsel de Villar Ponte, levaron o galego a todos os xéneros literarios, convencidos de que a lingua é a compoñente esencial do pobo. Neste sentido Otero chega a dicir que “A lingua é o primeiro /.../ ten que ser a primeira obrigación de todos”.

Cen anos despois e nun mundo multilingüe, sabemos que o ser humano ten maior produtividade cando usa a lingua propia da súa colectividade. Os novos irmandiños da fala soñamos cunha Galicia en galego, nunha Europa multilingüe, onde todos poidan gozar nos seus propios idiomas, e tamén en galego, do poema de Manuel María: “A rosa rosada/ de tenro amencer/ é tan delicada/ que pode morrer!”

Miguel Anxo Murado

LIBRO DE HORAS



LITERARIA

Xerardo AgraFoxo

VIAXE Á ÚLTIMA REVOLUCIÓN



LITERARIA

Xosé M. Núñez Seixas


O SOÑO DA GALIZIA IDEAL



MEMORIA

Santiago Lamas · Alfonso Mato

DE CAMIÑOS, VIAXEIROS E CAMINANTES



PREMIO RAMÓN PIÑEIRO DE ENSAIO 2015

Xosé Montegudo

TODO CANTO FOMOS



LITERARIA

Inma López Silva


AQUELES DÍAS NOS QUE ERAMOS MALAS



LITERARIA

Miguel Anxo Santo Rego (ed.)


A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA 2002 - 2014



ENSAIO

Ramón Villares

HISTORIA DE GALICIA



EDICIÓN REVISADA E AMPLIADA


A ferida sen coitelo

POESÍA O libro premiado co Johán Carballeira ten dous eixos claros: a contorna familiar dunha banda e o alimento e o corpo da outra.


María Xesús Nogueira Texto

A novidade poética acostuma ser tema cotiá entre unha crítica ávida de descubrimentos. Albiscar indicios dunha nova *xeración* poética convértese en ocasións en algo tan necesario como forzado nunha historia da poesía galega inzada, nas últimas décadas, de *cambios de rumbo* e *matanzas do pai*. Sexa como for, desde hai algún tempo leva falándose, e con máis frecuencia do habitual, da vigorosidade dalgunhas voces que están a aparecer na poesía galega, entre as que se atopa a de Ismael Ramos. O feito de que os seus libros até agora publicados, *Hábitat / Interferencias* e *Os fillos da fame*, visen a luz grazas aos premios Francisco Añón e Johán Carballeira, respectivamente, resulta indicativo do papel que os certames literarios están a desenvolver na edición de poesía no momento actual.

O segundo libro de Ismael Ramos evoca xa desde o título universos temáticos que apuntan cara a dous eixos claros: a contorna familiar, por unha banda; e o alimento e o corpo, por outra. Disfrazado dunha aparente sinxeleza, o poemario constrúe, a través de estampas familiares descontinuas, un universo ficcional denso e coherente arredor de retallos de infancia, vínculos familiares e escenarios mariños. As fórmulas poéticas, tamén en aparencia heteroxéneas, conseguen crear mediante calculadas reiteracións un tecido envolvente, violentado de cando en vez por increpacións da voz ou das voces poéticas –“Queres a teu pai?”– ou por remates pouco agardados –“Casei co fillo máis novo dunha familia feliz fronte ao mar. / Tiña



Os fillos da fame
Ismael Ramos
Xerais, 2016



Ismael Ramos

nome, vergonza e sabía nadar”–. Para se distanciar da visión máis previsíbel dunha infancia tantas veces reescrita, o libro desprega unha coitada arquitectura simbólica conformada polo león, o templo, o cereal ou o coitelo. Alén diso, bota man dun recurso que condiciona profundamente a súa natureza, como é o diálogo intertextual, incorporado mediante a técnica da cita –Ingeborg Bachmann, Louse Glück e Philip Larkin– e, sobre todo, do *collage*, e confesado nunha nota final: “Ao longo do libro empregáronse fragmentos de textos de Virginia Woolf, Celso Emilio Ferreiro, John Ashbery Xohana Torres X. L. Méndez Ferrín, Pilar Adón e María do Cebreiro. Inconscientemente hai moitos outros”.

As palabras emprestadas conforman unha rede que cingue un poemario que ten, como temas principais, a familia, a soidade, o corpo, a enfermidade e a morte. O carácter envolvente e o coidado da linguaxe poética

–“unha ferida sen coitelo”– fan de *Os fillos da fame* un libro sorprendente, ao tempo que prometedor na traxectoria dun xovencísimo Ismael Ramos.

Para se distanciar da visión máis previsíbel dunha infancia tantas veces reescrita, o libro desprega unha coitada arquitectura simbólica conformada polo león, o templo, o cereal ou o coitelo. Alén diso, bota man dun recurso que condiciona profundamente a súa natureza, como é o diálogo intertextual.

Aproximación tímida ao horror

NARRATIVA Antonio Manuel Fraga converte a Howard nun “personaxe” lovecraftiano para achegarse a el máis desde o vital que o literario


César Lorenzo Gil Texto

Quero H. P. Lovecraft, de Antonio Manuel Fraga, é a novela gañadora do I Premio Antón Risco de Literatura Fantástica. O escritor eumés utiliza unha estrutura epistolar para recrear os últimos anos do escritor texano Robert E. Howard (autor de *Conan*, entre outros libros). O título explícase porque todas as cartas (unha delas é real, a que abre o relato) están dirixidas ao tamén escritor Howard Phillips Lovecraft, saídas da pluma do propio Robert Howard coma da do pai deste, Isaac M. Howard.

Fraga proponlles aos lectores un xogo nesta novela. Un xogo intelectual e para iniciados xa que só se pode entender e, polo tanto, desfrutar, se se ten interese no universo lovecraftiano, baseado niso que se deu en chamar horror cósmico e que revolucionou a literatura de xénero que se publicaba nas revistas populares de ficción no primeiro terzo do século XX.

Con todo, o escritor galego abre máis a man e non se conforma unicamente cun divertimento ao redor de dúas figuras *pulp*, amplamente coñecidas polos fans da literatura fantástica. Aproveita o engado de converter a Howard nun “personaxe” lovecraftiano para achegarse en serio á figura dun autor no que adiviña con acerto Fraga que seguramente ten maior interese polo que viviu que polo que escribiu.

Howard aparece na novela como un home atormentado, un “inadaptado”, na dicotomía de Vicente Risco. Un mozo sometido a unha imaxinación desbordante, unha especie de



Querido H. P. Lovecraft
Antonio Manuel Fraga
Premio Risco de Literatura Fantástica
Urco Editora, 2016

Quixote moderno que en troques de libros de cabalarías acaba consumido pola cultura popular do seu tempo, quizais única vía de evasión na estática Texas do seu tempo.

O mellor deste libro é o equilibrio que consegue entre esa atmosfera cotiá e poeirenta e a acción fantasiosa que vai consumindo a Howard ao tempo que o seu mundo se descompón por causa da doenza grave da súa nai. Fraga, loxicamente, sementa a narración de rastros lovecraftianos, propón escenas de suspense e aproveita os agradecidos vimbios do terror para manter a atención do lector. Pero en todo o momento temos a sensación de que o importante non é iso, o importante do libro non está no que se di senón no que se cala.

É habelencia do escritor alicerzar unha arañeira sólida e á vez case transparente que funciona como rede na que danza a araña Howard. O traballo de documentación e ambientación aprovéitase no texto dun xeito



sutil, naturalizado, algo moi difícil de lograr e que Fraga consegue.

O peor do libro é quizais que o autor se sente aínda inexperto e talvez servo das súas lecturas. Faltaría que nalgún momento se deixase levar pola imaxinación e convertese o seu protagonista nun personaxe inesquecible.

O autor proponlles aos lectores un xogo intelectual e para iniciados, xa que só se pode entender e, polo tanto, desfrutar, se se ten interese no universo lovecraftiano, baseado niso que se deu en chamar horror cósmico.

O conto dun touro pacífico

NARRATIVA Recupérase o conto ilustrado publicado meses antes da guerra civil española e que foi prohibido pola ditadura.


Xoana Santos Álvarez, Estela Suárez Recouso Texto

A historia do touro *Ferdinando*, unha das últimas incorporacións á colección Tras os montes da editorial Kalandraka, é un conto, publicado en New York o ano 1936 e traducido do inglés por Xesús Fraga, cunha historia singular que queremos contar.

O seu autor é Munro Leaf (1905-1976) e o ilustrador, Robert Lawson (1892-1957), ambos os dous norteamericanos. O libriño tivo tanto éxito que en 1938 Disney levou a historia ao cine e foi galardoada cun óscar á mellor curtametraxe de animación. Está traducido a máis de sesenta linguas e, por fin, neste ano 2016 podemos lelo en galego. A edición de Kalandraka conserva as ilustracións orixinais feitas por Lawson para o seu relato; o que lle dá un valor especial ao libro. E a este valor pódese engadir a actualidade do tema, malia os oitenta anos pasados desde a súa aparición.

O conto, que se publicou uns meses antes da Guerra Civil Española e tivo edición española, foi prohibido durante a ditadura de Franco, e na Alemaña nazi mesmo chegou a ser queimada a edición alemá. Pola contra, noutros países, coma Rusia ou a India, ademais de Norteamérica, tivo varias reedicións e considerouse un clásico da literatura infantil universal de referencia en temática pacifista.

A historia está ambientada na España rural, e relata a vida dun touriño que goza da natureza e do cheiro das flores, mentres os outros touros pelexan e aspiran a participar nas touradas de Madrid. Ferdinando non, el adora estar só e a gozar da natureza. Mais, por un erro remata enfrontándose



A historia do touro *Ferdinando*

Munro Leaf [texto]

Robert Lawson [ilustración]

Xesús Fraga [tradución]

Kalandraka, 2016

O conto, que se publicou uns meses antes da Guerra Civil Española, foi prohibido durante a ditadura de Franco, e na Alemaña nazi mesmo chegou a ser queimada a edición alemá. Pola contra, noutros países, coma Rusia ou India, ademais de Norteamérica, tivo varias reedicións e considerouse un clásico da literatura infantil de temática pacifista.

se a un valente toureiro nunha praza chea de xente que pide espectáculo. Un papel secundario, pero importante, é o da nai que respecta os gustos do fillo aínda que non poida comprendelo, mentres que os seleccionadores de gando, o toureiro e o público, non dan entendido a actitude pacífica de Ferdinando.

É unha historia cargada de valores. Por unha parte trátase a violencia, o maltrato animal e o sufrimento, facendo unha crítica, moderada ao noso ver, do mundo español dos touros desde unha mirada estranxeira. Por outra parte, fai reflexionar sobre a inocencia de Ferdinando e a escolla da súa identidade e da diferenza, o non ser coma os demais, Ferdinando non quere pelexar, prefere estar tranquilo. E este non é o comportamento esperado nun touro.

A linguaxe sinxela, utilizada na narración galega con gran mestría do tradutor, sen dúbida, pode conectar co lectorado máis novo, que se sente implicado nas apelacións, chamadas de atención e preguntas que o autor lle fai ao longo do conto. Desde unha lectura máis adulta podemos atopar riscos de humor moi finos e moi interesantes.

A portada e a contraportada d'A historia do touro *Ferdinando* leva o debuxo dun touro entre flores que nos recordan un estampado flamenco. O lettering do título está inspirado nas banderillas dos toureiros e nas tipografías dos carteis das touradas.

O texto vai nunha páxina e a imaxe noutra, nunha estreita relación na que os debuxos amplían e completan a narración, que achega moi escasos

elementos descritivos. Podemos observar a ironía a través das imaxes cheas de humor que hai nas páxinas do libro, axudándonos a desmitificar estereotipos a través do xogo, da ironía e da parodia. Por exemplo, no momento en que unha abella lle pica a Ferdinando e este ponse a reloucar como se bailase de contento ou cando se mostra un toureiro enriba dun cabalo, coma se fose Sancho Panza.

Un humor en chave crítica onde, cun discurso enxeñoso, aprendemos sobre a individualidade e a orixinalidade dos personaxes, mais, dada a unidade de imaxe e texto, resulta unha obra con múltiples lecturas.

A técnica empregada polo ilustrador é a de plumilla en tinta en branco e negro, apostando por uns debuxos de trazos simples, cun tramado clásico para dar volume, que nos evocan




*A el, o que lle gustaba
era ficar tranquilamente sentado
e ulir o recendo das flores.*

os gravados de Goya, as ilustracións vitorianas, as de John Tenniel ou de artistas máis recentes coma Dan Hillier ou Olex Oleole, que transmiten un sentimento de nostalxia no espectador. O ilustrador achega aspectos psicolóxicos dos protagonistas que o texto omite, pois non hai descrición textual dos personaxes. E fainos rir coa representación duns toureiros torpes, cheos de farrapos e desesperados, para enchernos de afectividade ollando a figura de Ferdinando, un touro tenro e tranquilo.

O lectorado infantil pode extrapolar da historia a súa propia capacidade de decidir, e aprender que moitas veces debemos seguir a nosa intuición se nos leva a buscar a paz e non o conflito.

Malia o formato infantil, cremos que é un libro para grandes e pequenos, para ler e para escoitar, para que con cada volta poidamos ver un dos tantos valores da historia. E para soñar con que todos os touros do mundo poidan ser tan felices coma Ferdinando debaixo da súa sobreira.

NOVIDADES XERAIS



As horas roubadas María Solar

A morte dun ancián que sostén na súa man un papel coa mensaxe «Dime que me queres» destapa unha pasional historia de amor que non se apaga co paso do tempo. Ambientada na confusa España de 1979, dous anos antes da Lei do divorcio, dúas familias vense arrastradas por ese vello segredo e pola necesidade de cambiar as súas vidas. *As horas roubadas* é unha novela de personaxes que nos leva a través dos sentimentos de varias xeracións nunha época onde vivir sen ataduras era unha tarefa pendente. Unha historia que demostra que non hai idade para o amor, e que cando non facemos nada por mudar as cousas, algo insospitado pode facer que cambien. Para sempre.

en galego todo o tempo  XERAIS
xerais@xerais.gal • www.xerais.gal


Mitos fundacionais de Galicia

HISTORIA Os traballos incluídos neste libro tentan poñer no seu xusto lugar os acontecementos que a historia popular mitificou.

Gustavo Hervella García Texto

Existe a historia académica e a popular. Esta última é coa que se identifica a maioría da poboación, facéndose forte e converténdose, en moitos casos, na hexemónica. Nela, o mito mestúrase cos datos empíricos, o que a fortalece e a fai perdurar no tempo. É o que ocorre en Galicia cos celtas, co reino suevo, cos séculos escuros, cos *mártires* de Carral ou co atraso do mundo rural. Destes temas tratan os ensaios que recompila Isidro Dubert. Especialistas que desde a historia, a economía, o xornalismo e a filoloxía analizan o que para moitos son os mitos fundacionais de Galicia.

Foi no s. XIX coa produción de intelectuais como Vicetto ou Murguía onde se creou este pasado, que perdurou até os anos setenta do s. XX chegando, incluso, á actualidade. Os procesos históricos que aquí se analizan constitúen o berce da nacionalidade, son os conceptos primordialistas na construción do nacionalismo galego tanto de carácter conservador como liberal. Se ben se establecen no s. XIX, a canonización á que foron sometidos por parte dos intelectuais de Nós e tamén no franquismo non fixo máis que asentelos na realidade galega até facelos esenciais á hora de definila. Os traballos que se presentan nesta publicación pretenden poñer no seu xusto lugar estes acontecementos, negando a súa parte mítica mediante unha rigorosa análise de fontes: Francisco González e Manuel Gago dos celtas, Anselmo López sobre o ostracismo da Gallaecia medieval, José Miguel Andrade sobre o esquecemento doutras historias —xénero, homosexuali-



Historia das historias de Galicia
Isidro Dubert [edición]
Xerais, 2016



Peixeiras. Vigo, 1955

dade—, Henrique Monteagudo, Carmen Saavedra e Ofelia Rey dan-nos outra visión dos séculos XVI-XVIII, Pegerto Saavedra da guerra irmandiña, Isidro Dubert da chegada dos cataláns ás costas galegas, Ramón Villares dos mitos fundacionais da nación galega —Pardo de Cela e Solís— e Edelmiro López e Lourenzo Fernández do atraso do mundo rural. Isto non é óbice para recoñecer que foron precisamente estas historias as que conformaron aos galegos como pobo no imaxinario das xentes, xa que é precisamente neste tipo de mensaxes onde unha cultura comeza a diferenciarse, tal e como lle pasa aos cataláns co mito das catro barras de sangue ou aos vascos con Aitor.

En todos os traballos latexa unha idea común: a relectura do pasado mediante unha análise científica contrastada como un xeito de cambiar a concepción que temos do país, colocando a historia de Galicia non na

excepcionalidade e na melancolía, senón na normalidade do devir histórico comparable ao doutros territorios. E disto tiramos unha reflexión: non somos unha excepción; esta é unha idea autoimposta que, á luz destas e doutras investigacións, non ten razón de ser.

Latexa unha idea común: a relectura do pasado como un xeito de cambiar a concepción que temos do país, colocando a historia de Galicia non na melancolía senón na normalidade do devir histórico comparable a outros territorios.